

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

**887** *Orde ESS/71/2016, do 29 de xaneiro, pola que se establecen para o ano 2016 as bases de cotización á Seguridade Social dos traballadores do réxime especial do mar incluídos nos grupos segundo e terceiro.*

O artigo 115, número sete.2 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, prevé que a cotización para todas as continxencias e situacións protexidas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar incluídos nos grupos segundo e terceiro a que se refire o artigo 10 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, así como o artigo 54 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, efectuarase sobre as remuneracións que se determinen mediante orde do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, por proposta do Instituto Social da Mariña, oídas as organizacións representativas do sector. Tal determinación efectuarase por provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais, sobre a base dos valores medios de remuneración percibida no ano precedente.

A tal finalidade responde o contido desta orde, mediante a cal se determinan, en función dos valores medios das remuneracións percibidas no ano 2015, as bases únicas para a cotización por continxencias comúns e profesionais segundo provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais.

No proceso de tramitación desta orde consultáronse as organizacións empresariais e sindicais representativas do sector pesqueiro.

En virtude da habilitación conferida polo artigo 115, punto sete.2 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, de acordo co Consello de Estado, dispuxen:

*Artigo único. Determinación das bases de cotización.*

As bases únicas de cotización dos traballadores incluídos nos grupos segundo e terceiro, a que se refire o artigo 10 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, así como o artigo 54.2 e 3 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, para todas as continxencias e situacións protexidas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, quedan establecidas para o ano 2016 nas contías que se reflicten nos anexos desta orde, sen prexuízo do establecido no artigo 11 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, en relación cos coeficientes correctores.

*Disposición transitoria única. Ingreso de diferenzas de cotización.*

As diferenzas de cotización que se puideron ter producido pola aplicación das bases de cotización establecidas nesta orde respecto das cotizacións que a partir do 1 de xaneiro de 2016 se efectuaron, poderán ser ingresadas, sen recarga, no prazo que finaliza o derradeiro día do segundo mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

*Disposición derradeira única. Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2016.

Madrid, 29 de xaneiro de 2016.–A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.

## ANEXO I

## Bases grupo segundo A (embarcacións entre 50,01 e 150 TRB)

Año 2016

	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
		1 a 7	8	9 a 11
<i>Zona norte</i>				
A Coruña.	Arrastre, palangre de fondo e volantas en caladoiros internac. (excepto África).	2.511,00	1.797,00	1.650,00
Lugo.	Arrastre en caladoiro nacional e costa de Portugal. Palangre de fondo e volantas en costa de África. Palangre de superficie.	2.316,00	1.557,00	1.449,00
Vigo.				
Vilagarcía.	Palangre de fondo, cerco e outras artes en caladoiros nacionais.	1.815,00	1.464,00	1.368,00
Asturias.				
Cantabria.	Arrastre.	2.511,00	1.797,00	1.650,00
	Palangre.	1.815,00	1.464,00	1.449,00
	Cerco.	1.611,00	1.368,00	1.368,00
Gipuzkoa.	Cerco e palangre.	1.926,00	1.578,00	1.578,00
	Arrastre.	2.952,00	1.950,00	1.698,00
	Otras artes.	2.682,00	1.830,00	1.662,00
Bizkaia.	Artes fixas.	2.655,00	1.743,00	1.662,00
	Arrastre.	2.952,00	1.950,00	1.698,00
	Anzol e cerco.	1.872,00	1.566,00	1.566,00
<i>Zona leste</i>				
Alacant. Castelló. Valencia. Illes Balears. Barcelona. Girona. Tarragona. Murcia.	-	1.854,00	1.539,00	1.539,00
<i>Zona sur</i>				
Almería.	-	1.713,00	1.488,00	1.488,00
Cádiz.	-	1.713,00	1.380,00	1.380,00
Huelva.	Conxelado.	2.484,00	1.713,00	1.536,00
	Fresco.	2.040,00	1.434,00	1.380,00
Málaga. Granada. Melilla. Ceuta.	-	1.548,00	1.434,00	1.434,00
Las Palmas. Tenerife.	-	2.484,00	1.665,00	1.536,00

## ANEXO II

## Bases grupo segundo B (embarcacións entre 10,01 e 50 TRB)

Año 2016

	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
		1 a 7	8	9 a 11
<i>Zona norte</i>				
A Coruña. Lugo. Vigo. Vilagarcía. Asturias	Palangre de fondo e volantas na costa de África.	2.316,00	1.557,00	1.449,00
	Palangre, cerco e outras artes menores.	1.686,00	1.326,00	1.326,00
Cantabria.	Arrastre e palangre.	1.686,00	1.326,00	1.326,00
	Cerco.	1.611,00	1.326,00	1.326,00
Gipuzkoa.	Cerco, palangre, anzol e artes fixas.	1.872,00	1.554,00	1.554,00
	Arrastre.	2.943,00	1.944,00	1.692,00
Bizkaia.	–	1.872,00	1.566,00	1.566,00
<i>Zona leste</i>				
Alacant. Castelló. Valencia. Illes Balears. Barcelona. Girona. Tarragona. Murcia	–	1.854,00	1.539,00	1.539,00
<i>Zona sur</i>				
Almería.	–	1.602,00	1.488,00	1.488,00
Cádiz.	Arrastre, cerco, palangre.	1.602,00	1.278,00	1.278,00
Huelva.	Altura-conxelador.	2.226,00	1.518,00	1.368,00
	Arrastre, cerco, palangre.	1.602,00	1.278,00	1.278,00
	Outras modalidades.	1.455,00	1.278,00	1.278,00
Málaga. Granada. Ceuta	–	1.548,00	1.278,00	1.278,00
Las Palmas. Tenerife.	Pesca local.	1.548,00	1.278,00	1.278,00
	Pesca non local.	2.226,00	1.518,00	1.368,00

## ANEXO III

## Bases grupo terceiro

Ano 2016

	Categorías profesionais encadradas nos grupos de cotización	
	3 e 4	8 a 11
<i>Zona norte</i>		
A Coruña. Lugo. Vigo. Vilagarcía. Asturias. Cantabria	1.419,00	1.305,00
Gipuzkoa. Bizkaia.	1.488,00	1.365,00 1.188,00*
<i>Zona leste</i>		
Alacant. Castelló. Valencia. Illes Balears. Barcelona. Girona. Tarragona. Murcia.	1.611,00	1.365,00
<i>Zona sur</i>		
Almería.	1.488,00	1.350,00
Cádiz. Huelva. Málaga. Granada. Sevilla. Melilla. Ceuta. Las Palmas. Tenerife.	1.404,00	1.260,00

\* Grupo 10 de cotización: NESKATILLAS, EMPACADORAS, MARISCADOR A PÉ.